

CONVENIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CON**PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS (CURRICULARES E EXTRACURRICULARES) DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, derivada da adaptación ao espazo europeo de educación superior (EEES), pon unha especial énfase na realización por parte do alumnado universitario de prácticas externas en entidades públicas e privadas, nacionais ou internacionais desde a consciencia de que unha combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional constitúe a base máis sólida para a súa formación integral ao capacitálo para a súa futura inserción no mercado laboral. Por este motivo,

COMPARECEN

Por unha banda, D. Julio E. Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña, con sede na rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, e CIF Q6550005J. Actúa en nome e representación da nomeada institución, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, que outorga ao reitor a facultade de asinar convenios en nome da Universidade da Coruña.

E, pola outra D./D^a
con DNI
en nome e representación da entidade

con sede en

e CIF

As dúas entidades recoñécense respectivamente personalidade, capacidade e competencia para outorgar este convenio, polo que

ACORDAN

O establecemento dun convenio de colaboración educativa para a realización de prácticas académicas externas (curriculares e extracurriculares) ao abeiro do Real decreto

CONVENIO DE LA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CON**PARA LA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS (CURRICULARES Y EXTRACURRICULARES) DEL ALUMNADO DE LA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

La Ley 6/2013, de 13 de junio, del Sistema Universitario de Galicia, derivada de la adaptación al espacio europeo de educación superior (EEES), pone un especial énfasis en la realización por parte del alumnado universitario de prácticas externas en entidades públicas o privadas, nacionales o internacionales, desde la consciencia de que la combinación de una adecuada formación teórica universitaria con el conocimiento aplicado de las técnicas y de las metodologías desarrolladas en el campo profesional constituye la base más sólida para su formación integral, al capacitarlo correctamente para su futura inserción en el mercado laboral. Por este motivo,

COMPARECEN

Por una parte, D. Julio E. Abalde Alonso, rector de la Universidade da Coruña, con sede en la calle de la Maestranza 9, 15001 A Coruña, y CIF Q6550005J. Actúa en nombre y representación de la institución citada, en el uso de las atribuciones que le confiere el art. 36.1f) de sus Estatutos, aprobados por el Decreto 101/2004, de 13 de mayo, de la Xunta de Galicia, modificado por el Decreto 194/2007, de 11 de octubre, que otorga al rector la facultad para firmar convenios en nombre de la Universidade da Coruña.

Y, por la otra, D./D^a.
con DNI
en nombre y representación de la entidad

con sede en

y CIF

Ambas entidades se reconocen respectivamente personalidad, capacidad y competencia para otorgar este convenio, por lo que

ACUERDAN

El establecimiento de un convenio de colaboración educativa para la realización de prácticas académicas externas (curriculares y extracurriculares) al amparo del Real Decreto 592/2014, de 11 de julio, por el que se regulan las

592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do alumnado universitario, e do Regulamento de prácticas académicas externas da UDC, aprobado polo Consello de Goberno o 23 de abril de 2013, e modificado polos acordos do Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2015, o 29 de setembro de 2015, o 29 de maio de 2018 e o 4 de xuño de 2019, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

Este convenio ten por obxecto posibilitar que o alumnado das titulacións impartidas na Universidade da Coruña (en diante, a UDC) faga prácticas externas (curriculares e extracurriculares) dentro dos programas de cooperación educativa promovidos pola empresa

(en diante, a Entidade).

SEGUNDA. Persoas beneficiarias e requisitos

Podrán ser beneficiarios deste convenio os seguintes tipos de alumnado:

- O alumnado da UDC matriculado nas titulacións oficiais de grao ou de mestrado universitario que cumpra cos requisitos establecidos.
- O alumnado doutras universidades españolas ou estranxeiras que estea a realizar estadias de estudo na UDC en programas de mobilidade académica ou por medio de convenios bilaterais, sempre que as normas que regulen eses programas e convenios ou os regulamentos internos de aplicación non dispoñan outra cousa.

O alumnado beneficiario deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Nas prácticas curriculares estarase ao disposto no plan de estudos de cada titulación.
- Canto ás prácticas extracurriculares, o alumnado deberá cumprir estas condicións:
 - Estar matriculado na ensinanza á cal se vinculen as competencias básicas, xenéricas e específicas que se adquirirán.
 - Ter superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título de grao, incluídos, como mínimo, todos os créditos de formación básica. No caso de alumnado de mestrado a porcentaxe anterior será do 25%. No caso doutros programas formativos o/a alumno/a terá que estar matriculado/a no programa de que se trate.
 - Non superar a duración en horas establecida no art. 14 do Regulamento de prácticas curriculares e extracurriculares da

prácticas académicas externas del alumnado universitario, y del Reglamento de prácticas académicas externas de la UDC, aprobado por el Consejo de Gobierno de 23 de abril de 2013, y modificado por acuerdos del Consejo de Gobierno de 27 de febrero de 2015, el 29 de septiembre de 2015 y el 29 de mayo de 2018 y el 4 de junio de 2019, de acuerdo con las siguientes

CLÁUSULAS

PRIMERA. Objeto

Este convenio tiene por objeto posibilitar al alumnado de las titulaciones impartidas en la Universidade da Coruña (en adelante UDC) haga prácticas externas (curriculares y extracurriculares) dentro de los programas de cooperación educativa promovidos por la empresa

(en adelante, Entidad).

SEGUNDA. Personas beneficiarias y requisitos

Podrán ser beneficiarios de este convenio los siguientes tipos de alumnado:

- El alumnado de la UDC matriculado en las titulaciones oficiales de grado o de máster universitario que cumpla con los requisitos establecidos.
- El alumnado de otras universidades españolas o extranjeras que esté realizando estadias de estudio en la UDC en programas de movilidad académica o por medio de convenios bilaterales, siempre que las normas que regulan esos programas y convenios o los reglamentos internos de aplicación no dispongan otra cosa.

El alumnado beneficiario deberá cumplir los siguientes requisitos:

- Para prácticas curriculares se estará a lo dispuesto en el plan de estudios de cada titulación.
- Para prácticas extracurriculares, el alumnado deberá cumplir estas condiciones:
 - Estar matriculado en la enseñanza a la que se vinculen las competencias básicas, genéricas y específicas que se adquirirán.
 - Tener superado el 50% de los créditos necesarios para obtener el título de grado incluyendo, como mínimo, todos los créditos de formación básica: En el caso de alumnado de máster el porcentaje anterior será del 25%. En el caso de otros programas formativos el/a alumno/a tendrá que estar matriculado/a en el programa de que se trate.
 - No superar la duración en horas establecida en el artículo 14 del Reglamento de prácticas

UDC no mesmo ano académico. De existiren vacantes na oferta de prácticas extracurriculares, formarase unha listaxe de agarda en que poderá participar o alumnado que superase estas horas.

- Estar matriculado de forma oficial (matrícula ordinaria) segundo o procedemento establecido pola UDC.

Non poderá ser beneficiario destas prácticas o alumnado que manteña algunha relación contractual coa Entidade, agás no caso das prácticas curriculares sempre e cando se conte coa autorización do/a vicerreitor/a con competencias en materia de estudantes, logo do informe da Comisión de Prácticas da UDC.

TERCEIRA. Duración

- Prácticas curriculares: terán a duración que estableza o plan de estudos correspondente nos termos dispostos no art. 14.5 do Real decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, ou norma posterior que o substitúa. As prácticas levaranse a cabo de conformidade co calendario académico aprobado polo Consello de Goberno para cada curso académico.
- Prácticas extracurriculares: durante o período lectivo as prácticas extracurriculares non excederán as 750 horas, sumadas as prácticas curriculares e extracurriculares, atendendo ao disposto no art. 14 do Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado da UDC, cunha distribución horaria que permita a dedicación simultánea aos estudos e ás prácticas.
- Con carácter xeral, a distribución horaria das prácticas externas establecerase de acordo coas súas características e a dispoñibilidade da Entidade. En calquera caso, os horarios serán compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación que o alumnado desenvolva na UDC.
- Excepcionalmente, nos casos en que o estudantado teña unha carga lectiva moi reducida para finalizar a súa titulación oficial, poderá realizarse unha xornada ampla, sen superar as 40 horas semanais e 8 diarias e sempre coa autorización da persoa titora académica.

CUARTA. Dereitos e obrigas do alumnado

Durante as prácticas, o alumnado comprometerase a cumprir as condicións concretas que se sinalen

curriculares y extracurriculares de la UDC en el mismo año académico. En el caso de existir vacante en la oferta de prácticas extracurriculares, se formará una lista de espera en la que podrá participar el alumnado que tenga superadas las horas.

- Estar matriculado de manera oficial (matrícula ordinaria) según el procedimiento establecido por la UDC.

No podrá ser beneficiario de estas prácticas el alumnado que mantenga alguna relación contractual con la Entidad, excepto en el caso de prácticas curriculares con la autorización del/a vicerrector/a con competencias en materia de estudiantes, previo informe de la Comisión de Prácticas de la UDC.

TERCERA. Duración

- Prácticas curriculares: tendrán la duración que establezca el plan de estudios correspondiente en los términos establecidos en el artículo 14.5 del RD 822/2021 de 28 de septiembre, por el que se establece la organización de las enseñanzas universitarias y del procedimiento de aseguramiento de su calidad, o norma posterior que lo sustituya. Las prácticas se llevarán a cabo de conformidad con el calendario aprobado por el Consejo de Gobierno para cada curso académico.
- Prácticas extracurriculares: durante el período lectivo las prácticas extracurriculares no excederán las 750 horas, sumadas las prácticas curriculares y extracurriculares, atendiendo a lo dispuesto en el artículo 14 del Reglamento de prácticas académicas externas del alumnado de la UDC, con una distribución horaria que permita la dedicación simultánea a los estudios y a las prácticas.
- Con carácter general, la distribución horaria de las prácticas externas se establecerá de acuerdo con sus características y la disponibilidad de la Entidad colaboradora. En cualquier caso, los horarios serán compatibles con la actividad académica, formativa y de representación y participación desarrollada por el alumnado en la UDC.
- Excepcionalmente, en los casos en que el alumnado tuviere una carga lectiva muy reducida para finalizar la titulación oficial podrá realizarse una jornada amplia, sin superar las 40 horas semanales y 8 diarias y siempre con la autorización de la persona tutora académica.

CUARTA. Derechos y obligaciones del alumnado

Durante las prácticas, el alumnado se comprometerá a cumplir las condiciones concretas establecidas; a

para elas; a efectuar as actividades que a Entidade lle encomende dentro do proxecto formativo fixado; a respectar os regulamentos e as normas da Entidade; a gardar unha absoluta confidencialidade sobre os acontecementos e os documentos da Entidade, mesmo unha vez finalizado o período de prácticas, e a manter o contacto coas persoas designadas como titoras.

Ao alumnado garantiráselle, en todo caso, os dereitos previstos no art. 9 do Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, así como os permisos que recoñeza a normativa vixente.

Unha vez finalizado o período de prácticas, o alumnado elaborará unha memoria final que entregará á persoa titora do seu centro. Na devandita memoria final deberán recollerse as seguintes informacións:

- a) Datos persoais.
- b) Entidade colaboradora en que levou a cabo as prácticas e onde está situada.
- c) Descrición concreta e detallada das tarefas desenvolvidas na Entidade, con indicación do(s) departamento(s) da Entidade en que se realizaron.
- d) Valoración das tarefas executadas e dos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos seus estudos universitarios.
- e) Relación dos problemas que se lle presentaron e dos procedementos que se seguiron para resolvelos.
- f) Contribución que supoñen as prácticas en materia de aprendizaxe.
- g) Avaliación das prácticas e suxestións de mellora.
- h) Outros aspectos que o centro considere relevantes de cara á formación do alumnado.

QUINTA. Dereitos e deberes da Entidade

A Entidade comprométese a fixar, conxuntamente coa UDC, o proxecto formativo que efectuará cada estudante, e a respectar os dereitos do alumnado no tocante á protección de datos de carácter persoal. En todo caso, o proxecto formativo cumprirá cos principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

As tarefas que levará a cabo o alumnado en prácticas estarán relacionadas co seu nivel de estudos e de formación académica.

A Entidade expedirá un certificado acreditativo da realización das prácticas e das súas características para o alumnado. Alén disto, remitirá ao centro

realizar as actividades que la Entidad le encomiende dentro del proyecto formativo fijado; a respetar los reglamentos y las normas de la Entidad; a guardar una absoluta confidencialidad sobre los acontecimientos y los documentos de la Entidad, incluso una vez finalizado el período de prácticas, y a mantener el contacto con las personas designadas como tutoras.

Al alumnado se le garantizarán, en todo caso, los derechos previstos en el artículo 9 del Real Decreto 592/2014, de 11 de julio, así como los permisos que reconozca la normativa vigente.

Una vez finalizado el período de prácticas, el alumnado elaborará una memoria final y la entregará a la persona tutora de su centro. En dicha memoria final deberán recogerse las siguientes informaciones:

- a. Datos personales
- b. Entidad colaboradora dónde realizó las prácticas y dónde está situada.
- c. Descripción concreta y detallada de las tareas desarrolladas en la Entidad con indicación del(os) departamento(s) de la Entidad dónde se realizaron.
- d. Valoración de las tareas ejecutadas y de los conocimientos y competencias adquiridos en relación con los estudios universitarios.
- e. Relación de los problemas presentados y procedimientos seguidos para su resolución.
- f. Contribución que suponen las prácticas en materia de aprendizaje.
- g. Evaluación de las prácticas y sugerencias de mejora.
- h. Otros aspectos que el centro considere relevantes para la formación del alumnado.

QUINTA. Derechos y obligaciones de la Entidad

La Entidad se compromete a fijar, conjuntamente con la UDC, el proyecto formativo que efectuará cada estudiante, y a respetar los derechos del alumnado relativos a la protección de sus datos de carácter personal. En todo caso, el proyecto formativo cumplirá con los principios de inclusión, igualdad de oportunidades, no discriminación y accesibilidad universal.

Las tareas que realizará el alumnado en prácticas estarán relacionadas con su nivel de estudios y de formación académica.

La Entidad expedirá un certificado acreditativo de la realización de las prácticas y de sus características para el alumnado. Además de esto, remitirá al

debidamente cuberto o informe de seguimento final das prácticas, en que deberán constar, entre outros, estes aspectos:

- a) Capacidade técnica.
- b) Capacidade de aprendizaxe.
- c) Administración e organización dos traballos.
- d) Habilidades de comunicación oral e escrita. No caso do alumnado con discapacidade e dificultades de expresión oral, cumprirá indicar o seu grao de autonomía para esta habilidade e se require algún tipo de apoio técnico ou humano.
- e) Sentido da responsabilidade.
- f) Facilitade de adaptación.
- g) Creatividade e iniciativa.
- h) Implicación persoal.
- i) Motivación.
- j) Receptividade ás críticas.
- k) Puntualidade.
- l) Relación coa contorna laboral.
- m) Capacidade de traballo en equipo.
- n) No caso das prácticas curriculares, valoraranse ademais as competencias previstas no proxecto formativo.

SEXTA. Relación entre a Entidade e ao alumnado en prácticas

Das prácticas non se derivarán as obrigas propias dun contrato laboral e tampouco terán ningunha dotación económica obrigatoria por parte da Entidade, malia que se poderá prever unha asignación para o/a alumno/a en concepto de bolsa ou axuda ao estudo. Neste caso, a Entidade deberá dar de alta na Seguridade Social o alumnado e cotizar por el nos termos previstos polo Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, e a normativa que o desenvolva, sen prexuízo que poidan ser asumidas pola FUAC (Fundación da Universidade da Coruña), medio propio e servizo técnico da UDC, ou outras entidades que teñan tal condición.

A Entidade poderá interromper as prácticas cando considere que o alumnado vulnerou gravemente as súas obrigas, o que lle comunicará á persoa que fose designada como titora por parte do centro da UDC.

A realización das prácticas non supón en ningún caso o establecemento dun vínculo laboral coa Entidade. O alumnado e a Entidade non poderá subscribir ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación previstas nos artigos 11 e 12 do Real decreto 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores. Xa que logo, o/a

centro debidamente cuberto el informe de seguimento final de las prácticas, en que deberán constar, estos aspectos:

- a) Capacidad técnica.
- b) Capacidad de aprendizaje.
- c) Administración y organización de los trabajos.
- d) Habilidades de comunicación oral y escrita. En el caso del alumnado con discapacidad y dificultades en la expresión oral, deberá indicarse su grado de autonomía para esta habilidad y si requiere algún tipo de apoyo técnico o humano.
- e) Sentido de la responsabilidad.
- f) Facilidad de adaptación.
- g) Creatividad e iniciativa.
- h) Implicación personal.
- i) Motivación.
- j) Receptividad a las críticas.
- k) Puntualidad.
- l) Relación con el entorno laboral.
- m) Capacidad de trabajo en equipo.
- n) En el caso de prácticas curriculares, además, se valorarán las competencias previstas en el proyecto formativo.

SEXTA. Relación entre la Entidad y el alumnado en prácticas

De las prácticas no se derivarán las obligaciones propias de un contrato laboral, ni tendrán dotación económica obligatoria por parte de la Entidad, aunque se podrá prever una asignación para el/a alumno/a en concepto de beca o ayuda al estudio. En estos casos, la Entidad deberá dar de alta en la Seguridad Social al alumnado y cotizar por el en los términos previstos por el Real Decreto 1493/2011, de 24 de octubre, por el que se regulan los términos y las condiciones de inclusión en el régimen general de la Seguridad Social de las personas que participen en programas de formación, y la normativa que lo desarrolla, sin perjuicio que puedan ser asumidas por la FUAC (Fundación Universidade da Coruña), medio propio y servicio técnico de la UDC, u otras entidades que tengan tal condición.

La Entidad podrá interrumpir unas prácticas cuando considere que el/a alumno/a vulneró gravemente sus obligaciones, lo que le comunicará a la persona que fue designada como tutora de este/a por parte del centro de la UDC.

La realización de las prácticas no supone en ningún caso el establecimiento de un vínculo laboral con la Entidad. El alumnado y la Entidad no podrán subscribir ninguna relación contractual, ni siquiera bajo las modalidades de contrato en prácticas o para la formación previstos en los artículos 11 y 12 del Real decreto 2/2015, de 23 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto de los trabajadores. El alumnado acogido a este régimen de prácticas queda

estudante acollido/a a este réxime de prácticas queda excluído da lexislación laboral.

Se o/a estudante se incorpora á Entidade ao acabar os seus estudos, o tempo de prácticas non computará para os efectos de antigüidade nin eximirá do período de proba, agás que o convenio colectivo de aplicación estipule algo distinto.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo primeiro desta cláusula, aos efectos do disposto na alínea 3, letra b, da Disposición Adicional Quinta do Real Decreto-Ley 28/2018, de 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, a Entidade non asumirá en ningún caso a cotización á Seguridade Social do alumnado en prácticas que acolla en virtude do presente convenio.

SÉTIMA. Titoría

O alumnado en prácticas que se acolla a este programa disporá dunha titoría académica e outra profesional. A persoa que exerza como titora académica será designada polo centro da UDC en que curse os seus estudos entre o seu profesorado, mentres que a que exerza como titora profesional, con competencias profesionais na área, será designada pola Entidade.

As persoas titoras supervisarán as funcións levadas a cabo polo alumnado durante as súas prácticas, asistirano no que for necesario e avaliarán o seu aproveitamento das prácticas.

As persoas titoras académicas e profesionais poderán obter da UDC o recoñecemento da súa actividade, de conformidade coa normativa interna de aplicación. Igualmente, deberán cumprir as obrigas previstas nos capítulos IV e V do Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da UDC.

OITAVA. Seguro escolar

O estudiantado da UDC menor de 28 anos está cuberto polo seguro escolar obrigatorio que paga coa matrícula. Aquel maior de 28 anos deberá contratar, de ser o caso, o seguro Hac Luce Accidentes, que tamén poderá ser contratado polo resto do estudiantado. A maiores, a Entidade colaboradora poderá subscribir ao seu cargo un seguro adicional para o/a alumno/a.

No caso de prácticas no estranxeiro é imprescindible asinar unha póliza de seguro para o período de prácticas que cubra, como mínimo, os riscos sanitarios e de accidentes que inclúa a repatriación. Os gastos da dita póliza correrán a cargo do alumnado. A responsabilidade civil por danos a terceiros en

excluído de la legislación laboral.

Si el/a alumno/a se incorpora a la Entidad al acabar sus estudios, el tiempo de prácticas no se computará para los efectos de antigüedad, ni eximirá del período de prueba, excepto que el convenio colectivo de aplicación estipule algo distinto.

Sin perjuicio de lo dispuesto en el párrafo primero de esta cláusula, a los efectos de lo dispuesto en la línea b, de la Disposición Adicional Quinta del Real Decreto-Ley 28/2018, de 28 de diciembre, para la revalorización de las pensiones públicas y otras medidas urgentes en materia social, laboral y de empleo, la Entidad no asumirá en ningún caso la cotización a la Seguridad Social del alumnado en prácticas que acoja en virtud del presente convenio.

SÉPTIMA. Tutorización

El alumnado en prácticas que se acoja a este programa dispondrá de una tutoría académica y otra profesional. La persona que ejerza como titora académica será designada por el centro de la UDC en que curse sus estudios entre su profesorado, mientras que la persona titora profesional, con competencias profesionales en el área, será designada por la Entidad.

Las personas titoras supervisarán las funciones llevadas a cabo por el alumnado durante sus prácticas, los asistirá en lo que fuera necesario y evaluarán el aprovechamiento de las prácticas.

Las personas titoras académicas y profesionales podrán obtener de la UDC el reconocimiento de su actividad, de conformidad con la normativa interna de aplicación. Igualmente, deberán cumplir las obligaciones previstas en los Capítulos IV y V del Reglamento de prácticas académicas externas del alumnado de la UDC.

OCTAVA. Seguro Escolar

El alumnado de la UDC menor de 28 años está cubierto por el seguro escolar obligatorio que paga con la matrícula. El alumnado mayor de 28 años deberá contratar, de ser el caso, el seguro Hac Luce Accidentes, que también podrá ser contratado por el resto del alumnado. A mayores, la Entidad colaboradora podrá subscribir a su cargo un seguro adicional para el/a alumno/a.

En el caso de prácticas en el extranjero, es imprescindible firmar una póliza de seguro para el período de prácticas que cubra, como mínimo, los riesgos sanitarios y de accidentes que incluya la repatriación. Los gastos de dicha póliza correrán a cargo del alumnado. La responsabilidad civil por daños a terceros que

que eventualmente se puidese incorrer quedará cuberta pola póliza que a UDC ten subscrita para os efectos.

NOVENA. Remisión ao anexo

Para cada práctica individual formalizaranse os anexos a este convenio que corresponda, de acordo co modelo adxunto no Anexo I.

En cada anexo figurarán os datos do convenio de referencia; os datos persoais do/a alumno/a; o lugar en que terán lugar as prácticas; o total de horas e a súa distribución temporal; o proxecto formativo obxecto das prácticas do/a alumno/a; a posible bolsa ou axuda ao estudo que percibirá e o tipo de seguro que lle dará cobertura.

Os anexos serán asinados polo alumnado adjudicatario, unha persoa representante da Entidade e outra representante do centro en que se impartan os seus estudos ou da titulación que curse. En caso de incumprimento, a Entidade poderá instar a rescisión anticipada das prácticas.

O recoñecemento académico das prácticas externas extracurriculares realízase de acordo coas normas e os procedementos establecidos pola UDC, e incorporárase ao suplemento europeo ao título (SET) de conformidade coa normativa de aplicación.

DÉCIMA. Réxime xurídico e resolución de conflitos

As cuestións litixiosas que xurdan no tocante á interpretación, a modificación, a resolución e os efectos deste convenio serán resoltas de mutuo acordo polas partes.

En defecto de acordo entre as partes, as discrepancias resolveranse mediante arbitraje nos termos previstos pola Lei 60/2003, do 23 de decembro.

O marco legal que regula as prácticas externas está definido no que dispón o Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, o Real decreto 822/2021, de 28 de setembro; o Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado da UDC; o disposto no plan de estudos de cada titulación e a normativa propia de cada centro; a regulación específica daquelas prácticas a que afecten programas de ámbito autonómico ou estatal de fomento das prácticas académicas externas no Sistema Universitario Galego ou nun ámbito competencial superior (sen prexuízo da aplicación da normativa

eventualmente se puidese ocasionar quedará cuberta por la póliza que la UDC tiene subscrita para los efectos.

NOVENA. Remisión al anexo

Para cada práctica individual se formalizarán los anexos a este convenio, de acuerdo con el modelo adjunto en el Anexo I.

En cada anexo figurarán los datos del convenio de referencia; los datos personales del/a alumno/a; el lugar en que se realizarán las prácticas; el total de horas y su distribución temporal; el proyecto formativo objeto de las prácticas que llevará a cabo el/a alumno/a; la posible beca o ayuda al estudio que percibirá y el tipo de seguro que le dará cobertura.

Los anexos serán firmados por el alumnado adjudicatario, una persona representante de la Entidad y otra representante del centro en que se impartan los estudios o la titulación que curse. En caso de incumplimiento, la Entidad podrá instar la rescisión anticipada de las prácticas.

El reconocimiento académico de las prácticas externas extracurriculares se realizará de acuerdo con las normas y los procedimientos establecidos por la UDC, y se incorporará al suplemento europeo al título (SET) de conformidad con la normativa de aplicación.

DÉCIMA. Régimen jurídico y resolución de conflictos

Las cuestiones litigiosas que surjan al respecto de la interpretación, la modificación, la resolución y los efectos de este convenio serán resueltas de mutuo acuerdo por las partes.

En defecto de acuerdo entre las partes, las discrepancias serán resueltas mediante arbitraje en los términos previstos en la Ley 60/2003, de 23 de diciembre.

El marco legal que regula las prácticas externas está definido en lo que dispone el RD 592/2014 de 11 de julio, el RD 822/2021 de 28 de septiembre; el Reglamento de prácticas académicas externas del alumnado de la UDC; lo dispuesto en el plan de estudios de cada titulación y la normativa propia de cada centro; la regulación específica en aquellas prácticas a que afecten programas de ámbito autonómico o estatal de fomento de las prácticas académicas externas en el Sistema Universitario Gallego o en un ámbito competencial superior (sin perjuicio de la aplicación de la normativa de la UDC); las normas establecidas en los programas y

da UDC); as normas establecidas nos programas e convenios que amparen as prácticas internacionais, e as contidas nos regulamentos internos sobre mobilidade internacional.

DÉCIMO PRIMEIRA. Vixencia

Este convenio, que deixa sen efectos os convenios anteriores suscritos no marco dos programas de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas, entrará en vigor no momento da firma e a duración será de catro anos. As partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción en calquera momento antes do seu termo.

DÉCIMO SEGUNDA. Protección de datos

A sinatura dun convenio de cooperación educativa de prácticas externas e os seus anexos implica a aceptación do contido do aquí recollido e a autorización para o tratamento dos datos persoais do alumnado coa finalidade exclusiva de xestionar as prácticas e o seguimento da súa inserción laboral.

A UDC e as entidades que traten os datos persoais con esta finalidade gardarán o deber de confidencialidade sinalado no art. 5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Igualmente, garantirán o exercicio dos dereitos recoñecidos por esta lei ás persoas interesadas. O tratamento para calquera outro fin requirirá o consentimento expreso das persoas titulares, nos termos da normativa de protección de datos persoais.

DÉCIMO TERCEIRA. Comisión mixta paritaria

Constitúese unha comisión mixta paritaria para o seguimento deste convenio, formada pola persoa que ostenta o cargo de vicerreitor/a con competencias en materia de estudantes da UDC ou a persoa en quen delegue e pola persoa designada pola Entidade ou persoa en quen delegue. A dita comisión encargárase da vixilancia e o seguimento do cumprimento do convenio e da resolución das dúbidas e os conflitos que poidan xurdir na súa interpretación e aplicación.

convenios que amparen as prácticas internacionais, e as contidas en los reglamentos internos sobre movilidad internacional.

DÉCIMO PRIMERA. Vigencia

Este convenio, que deja sin efectos los convenios anteriores suscritos en el marco de los programas de cooperación educativa para la realización de prácticas académicas externas, entrará en vigor en el momento de la firma y la duración será de cuatro años. Las partes podrán acordar unanimemente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción en cualquier momento antes de su término.

DÉCIMO SEGUNDA. Protección de datos

La firma de un convenio de cooperación educativa de prácticas externas y sus anexos implica la aceptación del contenido de lo aquí recogido y la autorización para el tratamiento de los datos personales del alumnado con la finalidad exclusiva de la gestión de las prácticas y el seguimiento de la inserción laboral.

La UDC y las entidades que traten los datos personales con esta finalidad guardarán el deber de confidencialidad establecido en el artículo 5 de la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de protección de datos personales y garantía de los derechos digitales. Igualmente, garantizarán el ejercicio de los derechos reconocidos por esta Ley a las personas interesadas. El tratamiento para cualquier otro fin requirirá el consentimiento expreso de las personas titulares, en los términos de la normativa de protección de datos personales.

DÉCIMO TERCERA: Comisión mixta paritaria

Se constituye una comisión mixta paritaria para el seguimiento de este convenio, formada por la persona que ostenta el cargo de vicerrector/a con competencias en materia de estudiantes de la UDC o persona en quién delegue y por la persona designada por la Entidad o persona en quién delegue. Dicha Comisión se encargará de la vigilancia y el seguimiento del cumplimiento del convenio y de la resolución de las dudas y los conflictos que puedan surgir en su interpretación y aplicación.

En proba de conformidade, asíñase este convenio, para un só efecto, no lugar e a data que se indican a seguir

A Coruña, de de

Pola UDC/Por la UDC

Julio E. Abalde Alonso
Reitor/Rector UDC

En prueba de conformidad, se firma este convenio para un solo efecto, en el lugar y la fecha que se indican a continuación

Pola Entidade/Por la Entidad

Cargo: